

“Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das **impresións de sensación ou de reflexión**. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cál deles e de qué maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero **as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións**, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, **non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de calidades particulares**, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela. **A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto**. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que **as calidades particulares que forman a substancia** se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción non se produza, polo menos **suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade**. **O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia**. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en *aqua regia*, unímola ás outras calidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera calidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por el como as outras que se manifestaron en primeiro lugar.”

D. HUME; Tratado da Natureza Humana, Libro I, Do entendemento;

Parte I, Das ideas: a súa orixe, composición e abstracción. Sec. VI

1. Cal é a idea central do texto?
2. A que se refire Hume coas ideas complexas? De que autor toma este termo?

Impresións

Sensación: Son as percepcións directas vividas desde os sentidos (oír, tocar, ver...).

Reflexión: Son as percepcións internas a partires das ideas ou lembranzas das percepcións de sensación. Son as emocións e as paixóns.

Viveza (Impresións > Ideas)



Idea principal → Crítica ao concepto de substancia: A idea de substancia non se deriva de ningunha impresión e a substancia non é máis que un conxunto de calidades de cada cousa unidas pola imaxinación, mais non existe nada ao que referirnos como substancia. Supoñemos que as calidades das cousas están conectadas por relacións de contigüidade e causalidade o que leva a supoñer erroneamente a existencia dun soporte destas calidades.



Gato → Idea complexa ≠ substancia

Ideas simples

Uñas

Pelo*

Miañar

Oreallas

Bigotes

Cola

Principios (calidades da natureza humana) de asociación de ideas mediante a imaxinación

Lei de semellanza: Por exemplo, ver unha foto dun gato nos leva inmediatamente a pensar nun gato. Ver un gato, a súa vez, pódeme levar a un pensar nun lince.

Lei de contigüidade no espazo - tempo:

- Espacial: O gato se compón de diferentes elementos que se presentan xuntos polo que, se vexo a cola, ou os bigotes, a miña mente evocará ao gato ou a outras partes del.
- (temporal) Se vexo un lóstrego, podo pensar que, a continuación, sonará un trono.

Lei de causa-efecto: Se o gato miaña porque está famento é para cando lle dou de comer, podo pensar en futuras ocasións que o gato miaña porque ten fame.